

Prima di viaggiare (I)

(antes de viaxar)

1. Tassa di soggiorno

Un imposto (por noite e persoa) que existe nas cidades de Italia e que contribúe a servizos locais. O gasto medio anda nos 50 euros por noite + “tassa di soggiorno”

Prima di viaggiare (I)

2. In treno

Na estación pódese mercar o billete. Por detrás ten unha serie de explicacións (en italiano) que se deben ter en conta. Dura dous meses desde a compra. Hai que timbralo nas máquinas da estación (normalmente de cor vermella). Ao “convalidar” ou “validar” aparecen a data, a hora e a estación. Se non está timbrado, os controladores (revisores) do tren poñen multa.

Prima di viaggiare (I)

3. In autobus

Estamos afeitos a pagarlle ao condutor ao subir ao autobús pola porta de diante e sacar no momento o billete. En Italia (Roma, Milán...) iso non sucede. O condutor do autobús só conduce. O billete mércase en quioscos ou estancos (e sae máis barato) ou nunha máquina dentro do bus (hai que ter moedas). Se o revisor que controla (atención, non leva uniforme!) atopa a alguén sen billete, pode multar con 80 euros.

Prima di viaggiare (I)

4. In ristorante / pizzeria

Hai que pagar o “coperto” (entre 2 e 3 euros). Normalmente xa aparece incluído na carta.

Convén evitar as zonas turísticas, nas que non se come tan ben pero o prezo é moi alto. Ás veces fóra do local aparece un prezo e dentro hai outro.

Hai blogs que recomendan lugares, hai que informarse, e aconséllase degustar a gastronomía típica da rexión. Italia non é só pasta e pizza!

Prima di viaggiare (II)

5. Noleggiare una macchina

Alugar un coche non é moi recomendable. O prezo da gasolina é superior en Italia (1.30 – 1.40 euros). A peaxe da autoestrada tamén sae cara.

Ademais, en moitas cidades só entran os residentes (por exemplo Bologna). Se se entra e non se é residente, multan. Por outra banda, hai que pagar aparcamento e non compensa.

Prima di viaggiare (II)

6. La spiaggia

As praias son case todas privadas. Os concellos conceden concesións a empresas privadas para que as exploten. Así, hai que pagar para entrar nelas, mesmo se non se colle toalla, hamaca, parasol...e se vai á beira do mar. Os prezos oscilan entre 5 e 30 euros. As praias que non son privadas non soen estar ben coidadas.

Prima di viaggiare (II)

7. Fare la coda al bar

En Italia nos bares, cafetarías... hai dous mostradores nos que agardar vez (quenda). Hai que fixarse ben e situarse primeiro na cola para pagar e facer o “ticket” (“**scontrino**”). Soe ser o mostrador máis pequeno. Logo faise a cola na que se escolle o que se quere tomar e onde se entrega o “scontrino” que se obtivo previamente.

Prima di viaggiare (II)

8. Presentazione

En Italia non se dan dous bicos, dáse a man.

E dise, por exemplo:

- **Ciao, mi chiamo María.**

O normal é que respondan, á vez que dan a man:

- **Ah, ciao, piacere!** (significa “encantado”) **Mi chiamo...**

Unha vez que xa se coñece a persoa pódense dar bicos.

Outra curiosidade é que comezan a dar os bicos pola esquerda, ao revés ca nós.

Prima di viaggiare (II)

9. Al telefono...

Cando soa o teléfono e se descolga dise
-“Pronto!”

Ao despedirse hai que dicir “Ciao, ciao, ciao,
ciao...” (así, varias veces).

Prima di viaggiare (II)

10. Parole... parole per turisti

- 1) “forno a legna” (nas pizzerías, indica o tipo de forno no que se fan as mellores pizzas)
- 2) “fermata” (para a mobilidade é importante saber que é a parada: “fermata dell'autobus”, “fermata del treno”, “fermata del metro”)
- 3) “scontrino” (é o recibo, o “ticket”; é importante comprender mensaxes como “Si prega di fare lo scontrino alla cassa”, pois págase nun mostrador distinto ao lugar onde serven o que se pediu).

Prima di viaggiare (II)

- 4) “prego” (significa “de nada”, a resposta habitual cando se dan as grazas:

- Grazie!

- Prego!

Tamén é unha forma de cortesía, equivalente a “por favor”; dise para que pase alguén diante, por exemplo).

- 5) “saldi” (son as “rebaixas”).
- 6) “coperto” (é o “cuberto” ou “servizo”; cóbrano entre 1 e 5 euros, a media é de 2.5; hai que pagar servizo e cuberto).

Prima di viaggiare (II)

- 7) “salire” e “scendere” (significan, respectivamente, “subir” e “baixar”; é útil sabelo porque aparece nos autobuses, monumentos...).
- 8) “tirare” e “spingere” (significan “tirar” e “empurrar”).
- 9) “chiuso” e “aperto” (significan “pechado” e “aberto”).
- 10) “sciopero” (significa “folga” de trens, autobuses...).

Perché andare in Italia

(Por que ir a Italia)

- É un país moi parecido a España (no humor, carácter, xeito de entender a vida...).
- O parecido tamén está no negativo (corrupción, machismo...).
- O idioma, que é fácil para quen fala español ou galego.
- Practicamente son todos lugares bonitos para vivir.
- A comida (moi boa e non cara).
- Aos italianos encántalles o español e os españois.
- A TV é tan mala coma a española (Mediaset).
- Nunca se está lonxe do mar (máis ou menos a dúas horas como máximo desde calquera punto).
- Proximidade (voos baratos e pouco tempo de voo -arredor de dúas horas como máximo-).